

ORDENANZA 3.29

TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLAS EMPRESAS SUBMINISTRADORAS DE SERVIZOS DE TELEFONÍA MÓBIL.

Artigo 1. Disposición xeral:

No uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 20 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, establécese a taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial constituído no voo, solo e subsolo das vías públicas municipais, a favor de empresas explotadoras ou prestadoras de servizos de telefonía móbil que afectan á xeneralidade ou unha parte importante do vecindario.

Artigo 2. Feito Impoñible

1. Constitúe o feito impoñible da taxa regulada na presente Ordenanza, a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local constituído no voo, solo e subsolo das vías públicas municipais e outros terreos públicos a favor das empresas explotadoras ou prestadoras de servizos de telefonía móbil que afecten á xeneralidade ou unha parte importante do vecindario.

2. O aproveitamento especial do dominio público produciráse sempre que para a prestación do servizo de subministro se deban utilizar antenas, instalacións ou redes que materialmente ocupan o solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, con independencia de quen sexa o titular daquelas.

Artigo 3. Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos da taxa en concepto de contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria que sexan titulares das empresas explotadoras ou prestadoras de servizos de telefonía móbil que afecten á xeneralidade ou a unha parte importante do vecindario, tanto se son titulares das correspondentes redes a través das cales se efectúan os subministros como se, non sendo titulares das devanditas redes, o son dos dereitos de uso, acceso ou interconexión coas mesmas.

Artigo 4. Responsables

1. Responderán solidariamente da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.
2. Responderán de forma subsidiaria da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 43 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Artigo 5. Base imponible, tipo de gravame e cota tributaria.

1. A Base imponible desta taxa está constituída pola suma dos Ingresos estimados por chamadas recibidas en teléfonos fixos procedentes de teléfonos móbiles e os Ingresos estimados por chamadas e servizos móbiles recibidos e iniciados no Municipio.

Para o exercicio 2009 estímase que a Base imponible así calculada ascende á contía de 27.695.506 €.

2. A Cota básica global determínase aplicando o 1,4% á Base Imponible. Para o exercicio 2009 a Cota básica global ascende a 387.737,08 euros.

3. A Cota básica global será distribuída entre os distintos operadores en función do Coeficiente específico por operador ("CE") que se establece en función das cotas de mercado:

OPERADOR	PORCENTAXE	IMPORTE/€ANO	IMPORTE/€TRIMESTRE
Telefónica	45,0	174.481,68	43.620,42
Móbiles			

Ordenanza fiscal 3.29 Aprobada definitivamente por acordo do Pleno da Corporación o día 10 de decembro de 2008. Publicada no BOP da Coruña do 16 de decembro de 2008.

Vodafone	30,5	118.259,81	29.564,95
Orange	22,5	87.240,84	21.810,21
Yoigo	0,9	3.489,63	872,41
Euskaltel	0,5	1.938,69	484,67

Aos efectos de determinar o Coeficiente "CE" os suxeitos pasivos poderán acreditar perante o Concello que o coeficiente real de participación no exercicio foi diferente. Nese caso, a liquidación trimestral axustarase aplicando o coeficiente acreditado polo obrigado tributario.

Artigo 6. Beneficios fiscais

Non se concederán máis exencións ou bonificacións que as expresamente previstas nas Leis ou as derivadas da aplicación de Tratados Internacionais.

Artigo 7. Devengo e período impositivo

A presente taxa ten natureza periódica, devengándose o primeiro día do período impositivo, que coincidirá co trimestre natural, salvo nos supostos de inicio ou cese na utilización privativa ou o aproveitamento especial, no que o período impositivo se axustará a estas circunstancias:

- a) Nos supostos de altas por inicio de actividade, o periodo impositivo coincidirá cos meses naturais que resten para finalizar o trimestre natural, incluído o trimestre no que se inicie a utilización privativa ou aproveitamento especial.
- b) Nos supostos de cese de actividade, o periodo impositivo coincidirá cos meses naturais transcurridos no trimestre natural, incluído aquel no que se produce o cese da utilización privativa ou aproveitamento especial.

Artigo 8: Normas de xestión

O Concello practicará a liquidación definitiva que será notificada ao suxeito pasivo, que quedará obrigado a ingresar o importe da débeda tributaria pendente de ingreso nos prazos establecidos na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Disposición derradeira:

A presente Ordenanza foi aprobada de xeito provisorio polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día quince de outubro de dous mil oito, quedando definitivamente aprobada por acordo do Pleno da Corporación na sesión de dez de decembro de dous mil oito. Comezará a aplicarse a partir do primeiro de xaneiro do ano dous mil nove, e aplicarase mentres non se acorde a súa derogación ou modificación.